

# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@concellodepadron.es](mailto:correo@concellodepadron.es)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tf: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

## **DECRETO DO ALCALDE NÚMERO 648 /2015.**

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño,

### **ACORDO:**

**Primeiro.** Convocar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **24 de setembro de 2015 (xoves) ás 12:00 horas**, coa seguinte orde do día:

1.-Solicitude de licenza municipal de obras de saneamento de chapados de chemineas e limpeza de canalóns de edificio sito na rúa Mollet del vallés 4-6-8, formulada por dª Minia Bustelo Vilas en representación da comunidade de propietarios do edificio Fondo da Vila, expediente 179/2013.

2.- Comunicación previa de obras de reparación de tellado de inmovible residencial sito na rúa Santiago nº 76, formulada por d. José Manuel Parada encisa en calidade de presidente da comunidade de propietarios do inmovible, expediente 153/2015/cp.

3.- Solicitude de licenza municipal de obras para reparación de edificación adxectiva existente sita no lugar de Vilar nº 48, Cruces, formulada por dª. Vicenta Laura Lorenzo Lajos, expediente 27/2015/lu.

4.- Comunicación previa de obras de substitución de balaustrada en finca sita no lugar de Angueira de Suso nº 57, formulada por d. Ramón Pardo Rodríguez, expediente 155/2015/cp

5.- Comunicación previa de obras de acondicionamento de nave industrial existente no polígono industrial da Picaraña, nave 28, para adaptación a regulamento de seguridade contra incendios en establecementos industriais, formulada por Pernod Ricard España s.a., Expediente 65/2015/cp

6.- Comunicación previa de obras de conservación de muro de peche sito no lugar de Luáns nº 4, Iria Flavia, formulada por dª. María Elvira Victoria Ramallo Fernández, expediente 158/2015/cp

7.- Comunicación previa de cambio de titularidade de licenza municipal de apertura de establecemento adicado a café bar especial baixo a denominación de "Bámbola", formulada por d. Uxío Rial Rodríguez, expediente 41/2015/cta

8.-Comunicación previa de obras de conservación de cuberta de vivenda sita no lugar de Angueira de Suso nº 112, formulada por d. Manuel Suárez Cambre, expediente 159/2015/cp

9.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 280.

10.- Axuda programa emerxencia social. Expediente siuss 2063.

11.- Aprobación de facturas e gastos.

12.- Aprobación de facturas e gastos reparados suspensivamente pola intervención municipal.

13.- Ordenación de pagos nº 13/2015.

14.- Pago a xustificar solicitado pola traballadora social dona mª dolores quintáns longueira, sendo a habilitada perceptora dos fondos a auxiliar administrativa dona Mª Silvia Carou Balado, para cubrir necesidades básicas e urxentes das unidades familiares que pola súa precariedade económica o poidan precisar.

15.- Aprobación do xv premio de interpretación teatral Maruxa Villanueva ano 2015.

16.- Aprobacion do curso " o traballo na educación non formal con menores con déficit de

atención e hiperactividade”.

17.- Dotación económica ao grupo político municipal do Partido Popular do Concello de Padrón

18.- Liquidación da taxa por aproveitamentos especiais á empresa comercializadora de electricidade Axpo Iberia, s.l. 2º trimestre 2014.

19.- Liquidación da taxa por aproveitamentos especiais á empresa comercializadora de electricidade Axpo Iberia, s.l. 3º trimestre 2014.

20.- Aprobación da liquidación correspondente á indemnización relativa aos gastos de desprazamento e manutención dos voluntarios que implementaron o proxecto de voluntariado xuvenil no concello de padrón denominado “experiencias xuvenís de voluntariado cultural no camiño de santiago”

#### 21-Rogos e preguntas.


**Segundo.** Notificar o presente acordo a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes contado desde o día de recepción da notificación do mesmo, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Terceiro.** Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 22 de setembro de 2015

O Alcalde  
  
Asdo. Antonio Fernández Angueira



Ante min  
O Secretario  
  
Asdo. Juan Manuel Salguero del Valle

